

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de xaneiro de 2010

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Eudosio Álvarez Álvarez

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González

D^a Laura López Atrio
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e doce minutos do día dezanove de xaneiro de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(5).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 4 de decembro e sesións extraordinarias e urxentes do 10 de decembro de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(6).- PRESTACIÓN DO CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 3/1594, 22/471, 22/2938.

Examinadas as actuacións do expedientes e de acordo cos informes-proposta da traballadora social e responsable do Programa, do 11.01.10, conformada pola concelleira delegada da

Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Centro de Día para persoas maiores a:

- D^a. Margarita Pérez Alvarez. Expte. 2938/22.
- D^a. Divina Sarnomán Casanovas. Expte. 1594/03.
- D^a. Iduvina Amelia Pernas Meilán. Expte. 471/22.

3(7).- RECURSO INTERPOSTO POLA AGRUPACIÓN DEPORTIVA XOGARA CONTRA ACORDO DA X. GOBERNO DO 23.10.09 DE RESOLUCIÓN DAS SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O MANTEMENTO E FOMENTO DE ACTIVIDADES DE MAIORES E DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 49332/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de actividades económicas de Servizos Sociais e instrutora do expediente, do 7.01.09, conformado pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, que di o seguinte:

Respecto da convocatoria de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro para o mantemento e fomento de actividades de maiores e de Benestar social -aprobadas as bases pola XGL de 18 de maio do 2009 e publicadas no BOP nº 107 do 8 de xuño do 2009- e aprobada a resolución das subvencións pola XGL de 23 de outubro de 2009, presentouse contra as desestimacións recollidas nesa resolución do 23 de outubro, un recurso.

Unha vez estudado pola Comisión de Avaliación e aprobado o informe da instrutora do expediente,

Proponse á Xunta de Goberno Local, adopte o seguinte acordo:

1. *DESESTIMAR O RECURSO da Agrupación Deportiva Xogara, CIF G36655033 por non alegar novos motivos que desvirtúen o contido do acordo da XGL tomado o 23 de outubro polo que a subvención foi desestimada, ratificando por tanto a causa de desestimación da subvención: “ter subvención solicitada noutras áreas ou servizos do Concello, e ter ademais unha canle mais específica nesas outras áreas”*

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(8).- RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POLA MUTUA GALLEGA DE ACCIDENTES DE TRABALLO CONTRA O CONTIDO DAS BASES DO PROCEDIMENTO PUBLICADAS NO DOG O 30 DE DECEMBRO DE 2009. EXPTE. 19222/220.

Examinada as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Contratación e novos proxectos e técnico de Administración Xeral, que di o seguinte:

O 12 de xaneiro de 2010 con nº de documento 100002738 ten entrada no Rexistro Xeral o escrito que contén o asunto epigrafiado contra algúns aspectos dos bases do procedemento e do Prego de cláusulas administrativas regulador da licitación publicadas o 30 de decembro de 2009 no DOGa polo incumprimento dos principios informadores da Ley 30/2007, de 30 de outubro e de algunha das súas previsións normativas.

Fundamentan o recurso nos seguintes Motivos:

1.- *Apreciacións de carácter xeral.-* Despois de recordar o contido do art 93.4 da LCSP, dúbida da oportunidade do procedemento elixido, da súa xustificación, extendible aos criterios de adjudicación e que do contido dalgunha das cláusulas non respecta a normativa legal a que están subxectas as MATEPSS.

2.- *Vulneracións legais.*

- 2.1 *do RD 817/2009 ao interpretar que á actuación da Mesa de contratación procederá a coñecer aos licitadores e as súas proposicións con anterioridade á apertura do sobre tres que contén a oferta dos licitadores.*
- 2.2 *da transparencia, liberdade de acceso e proporcionalidade nos criterios obxectivos por outorgar maior puntuación á existencia dun hospital propio e dun centro de urxencias de 24 horas de uso exclusivo para os asegurados da Mutua ao outorgarlle a máxima puntuación ao que teña máis servizos e ser imposible aos que non teñan "centros propios" poder superar a puntuación e ser público e notorio que só unha Mutua ten hospital propio na cidade de Vigo.*
- 2.3 *outras condicións do prego sobre o obxecto, o prazo de denuncia do contrato, as proposicións presentadas por distintas mutuas pertencentes ao mesmo grupo, á readaptación profesional a cargo da mutua, a garantía definitiva e o sistema de infraccións e sancións, facendo interpretacións "técnico xurídicas" sobre a preeminencia da lexislación propia reguladora das mutuas e a Ley de contratos do sector público e de non poder realizar actuacións non previstas na lexislación específica.*

Se solicita a anulación do prego iniciando un novo procedemento ou ben suprimir, se fora posible, as condicións que vulneran a legalidade dando un novo prazo para a presentación das ofertas.

Para entender o contido da resolución do escrito presentado, basta a simple lectura do apartado 1 do artigo 37 da LCSP, pero é necesario facer as seguintes:

- 1.- *No DOGa do 30 de decembro de 2009 tan só publicase o anuncio de licitación sen que no mesmo incluíase o contido dos pregos reguladores da licitación.*
- 2.- *O prego, ademais de publicarse no Perfil do contratante do Concello de Vigo, encontrase incorporado ao expediente de contratación, no que constan, por existirlo a Ley, o acordó de 14 de setembro de 2009 do órgano de contratación de inicio da tramitación do expediente de contratación; os informes favorables da Asesoría Xurídica de 5 de novembro de 2009 e da Intervención Xeral de 9 de decembro de 2009; o informe proposto da aprobación do expediente de contratación aprobado polo órgano de contratación o 14 de decembro de 2009 e, de ser coñecidos os mesmos, quizás non hube-rase interposto o escrito que informase xa que en todos eles, a calificación xurídica do contrato e a de un contrato administrativo de natureza especial dos previstos na letra b do apartado 1 do artigo 19 da LCSP. Os demais aspectos existidos pola lexislación vixente constan debidamente acreditados en ditos informes.*

3.- A única finalidade que preten a maior puntuación os denominados "servizos propios" non é senón para garantir a mellor prestación de ditos servizos ao personal obxecto das prestacións, independentemente de que podan ser prestados a través de "centros concertados". Por certo non e certo que na cidade tan só unha Mutua teña ditos servizos, cuestión descoñecida polo redactor de ditos criterios pois na anterior licitación presentouse MAZ e aportaba centro propio ademais de algún concertado.

O réxime xurídico que regula o denominado "recurso especial en materia de contratación" non e outro que o especificado nos dez apartados do artigo 37 da LCSP, bastando para a resolución do planxado o estudo dos apartados 1,2,3,6, 9 e 10 pois unha vez admitida a lexitimación do recurrente o amparo do punto 3 por poder ser afectado polas decisións obxecto do recurso e ser obxecto do recurso os pregos reguladores da licitación por estar así previsto no punto 2, en atención ao expresado no párrafo dous do apartado 9 de que a resolución do recurso estimará en todo ou en parte ou desestimarás as pretensións formuladas ou declarará su inadmisión, procede acordar esta última por non poder ser obxecto do mesmo, xa que, conforme dispoñe o apartado 1, o recurso especial tan só cabe contra as decisións previstas no apartado 2 que se adopten nos procedementos de adxudicación de contratos subxectos a regularización armonizada, algúns contratos de servizos e de xestión de servizos públicos, e como xa expresouse anteriormente a natureza xurídica do contrato que nos ocupa é a de administrativo especial, suposto no contemplado na Ley. Por último, tamén existiría outra causa para inadmitir o recurso presentado por haber sido presentado fora do prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte en que se notifique o publiquese el acto impugnado e a publicación foi feita o día 18 de decembro de 2009 no Perfil do contratante, data a partir da cal prodúcese o computo do prazo independentemente da publicación do anuncio de licitación xa que o que recorre e o Prego de condicións regulador da licitación e non a propia licitación e interpúxose o día 12 de xaneiro de 2010.

En consecuencia, procede e así se PROPON Á XUNTA DE GOBERNÓ LOCAL, na calidade de órgano de contratación do Concello por ser competente para resolver o recurso o amparo do apartado 5 do artigo 37 da LCSP adopte o seguinte acordo:

Primeiro.-

"Declarar a inadmisión do recurso especial en materia de contratación interposto por D^a Isolina Rodríguez Gesto, Representante delegada da Mutua Gallega de Accidentes de Traballo o día 12 de xaneiro de 2010 contra algúns aspectos das bases do prego de condicións regulador do procedemento aberto para a selección dunha entidade colaboradora da Seguridade Social para a cobertura das contingencias profesionais por accidentes de traballo e enfermidades profesionais do persoal do Concello de Vigo, por non estar previsto no apartado 1 do artigo 37 da LCSP a interposición do mesmo contra os contratos administrativos de natureza especial do artigo 19.1-b da LCSP"

Segundo.-

Proceder a notificación urxente do presente acordó con ofrecimento da interposición do recurso contencioso administrativo conforme ao disposto na Ley 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Jurisdicción Contencioso - Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(9).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, DE GASTO MENOR, REALIZADOS POLO DEPARTAMENTO DE CULTURA NOS MESES DE NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2009. EXPTE. 12022/331.

En cumprimento coa base 31 das de execución do presuposto e do apartado 4 do acordo de Xunta de Goberno Local de data 16 de xuño de 2008, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, D. Xesús López Carreira, dá conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Cultura nos meses de novembro e decembro de 2009, e que son os que de seguido se relacionan:

Nº EXP.	CONCEPTO	DATA	PARTIDA	TIPO EXP.	Nº RC	IMPORTE	PERCEPTOR	CIF/NIF
11851-331	Proxecto de retirada e substitución de Naf III na Casa Galega da Cultura	06/11/09	6330000	Servizos	66160	1.624,00	Tecnical S.L.	B36122612
11854-331	Trabalos de retirada e substitución do Naf-III da Casa Galega da Cultura	09/11/09	6330000	Obras	66423	57.508,57	Systems Niscayah S.A.	A82929951
11856-331	Contratación de 3 funcións da compañía Máscara Producións para actuar dentro do programa municipal por barrios Vigo a Escena	10/11/09	2260803	Servizos	67998	5.400,00	Beatriz Míguez Souto	36156580M
11861-331	Insercións publicitarias e difusión de informacións culturais na sección Vigo Cidade Cultural	10/11/09	2260200	Servizos	69007	6.960,00	Telecidade S.A.	A36792133
11862-331	Aluguer de instrumentos, son e tradución simultánea para concertos celebrados dentro do Festival de Música de Vigo Are More 2009	11/11/09	2270600	Servizos	68884	19.496,90	Mario Ubiaga André	36105816W
11884-331	Necesidades técnicas e humanas e equipos de luz para os concertos celebrados dentro do Festival de Música de Vigo Are More 2009 no Teatro Salesianos	18/11/09	2270600	Servizos	68810	18.686,47	Mario Ubiaga André	36105816W
11886-331	Coordinación de produción, azafatas, persoal de sala e taquilla para os concertos do Festival de Música de Vigo Are More 2009	18/11/09	2270600	Servizos	68807	12.960,42	Mario Ubiaga André	36105816W
11888-331	Necesidades técnicas e humanas e equipos de luz para concertos celebrados dentro do Festival de Música de Vigo Are More no Conservatorio Superior de Música e na Igrexa María Auxiliadora	19/11/09	2270600	Servizos	68848	8.375,27	Mario Ubiaga André	36105816W
11889/331	Campaña publicitaria en medios escritos e sonoros do Festival de Música de Vigo Are More 2009	19/11/09	2260200	Servizos	68910	20.878,84	Anónimo Publicidad S.L.	B36721900

11890-331	Deseño, produción e distribución de material gráfico para Are More 2009	19/11/09	2260200	Servizos	68912	16.752,18	Anónimo Publicidad S.L.	B36721900
11898-331	Redacción do proxecto dunha exposición antolóxica de Pedro Solveira	30/11/09	2270100	Servizos	75616	2.000,00	Consultores de Gestión S.A.	A36726057
11899-331	Realización de fotografías de exposicións	30/11/09	2270100	Servizos	76543	581,16	Carlos Rodríguez Prieto	36169413G
11907-331	Supervisión proceso embalaxe "VII Bienal Eixo Atlántico"	09/12/09	2270600	Servizos	1571	120,00	María Rosa Seoane Gámez	77006838D
11914-331	Contratación da redacción dun proxecto de música de jazz en familia a desenvolver dentro do Festival de Jazz Imaxina sons 2010	11/12/09	2270600	Servizos	77002	12.725,20	Galitooon CSA 2005 S.L.	B15998966
11915-331	Creación dunha imaxe gráfica da rede de bibliotecas públicas do Concello de Vigo	11/12/09	2270600	Servizos	77005	12.180,00	Juan Gallego Outes	33278634A
11918-331	Mensaxería mes de novembro	30/11/09	2230000	Servizos	14308	126,36	Reparto y gestión urgente S.L.	B36821494
11919-331	Material gráfico acto cemiterio Pereiró	06/11/09	2260200	Subministro	4186	174,00	Celso Comesaña Abalde	36072980X
11920-331	Actuación grupo gaitas acto cemiterio Pereiró	06/11/09	2260100	Servizos	4213	400,00	Camiño Vello - Coia	G36648186
11921-331	Cadeiras para acto no cemiterio de Pereiró	29/10/09	2260100	Servizos	4213	200,00	Vigo Musica S.L.	B36906899
11927-331	Adquisición de materiais de mantemento para Casa das Artes	14/12/09	2120000	Obras	77055	11.053,98	Ferretería Pombo S.A.	A36644011
11928-331	Dirección de obra para a execución dos traballos de obras de adaptación de locais para biblioteca Martínez Garrido	14/12/09	2270600	Servizos	78167	14.982,01	Xosé Rodríguez Arquitectos Asociados SLP	B27730860
					78181	11.069,40	Manuel Cuquejo González	36028509K
					78172	2.352,25	Juan Francisco Castro Pérez	76901293B
11932-331	Traballos realizados en Casa das Artes	03/12/09	2120000	Servizos		238,96	José Manuel Muíños Rodríguez	36130547
11933-331	Material diverso dependencias culturais	10/11/09	2120000	Suministro		3.281,73	Ferretería Pombo S.A.	A36644011
11934-331	Reparacións Casa Galega da Cultura	23/11/09	2120000	Servizos		1.347,63	Cetsener S.L.	B36422905
11935-331	Reparacións na Biblioteca Central e na Casa das Artes	27/11/09	2120000	Servizos		1.212,64	José Manuel Muíños Rodríguez	36130547P
11942-331	Comida protocolaria con membros de Festiclown	27/11/09	2260100	Servizos		144,56	Asador Casa Saillo S.L.	

11946-331	Suministro de equipamentos informáticos para a rede municipal de bibliotecas	17/12/09	6260000	Suministros	78145	12.000,00	Telinco Informática SLU	B36442689
11947-331	Elaboración de memorias, copias dixitais do dossier fotográfico e textos para medios de comunicación do Festival de Música de Vigo Are More	17/12/09	2270600	Servizos	80143	1.751,60	Mario Ubiaga André	36105816W
11959-331	Deseño e realización dunha páxina web para a Concellería de Cultura e Animación Sociocultural	18/12/09	2260100	Servizos	81037	11.176,02	Anonimo Publicidad S.L.	B36721900

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

6(10).- PLAN DE SEGURIDADE DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE NAVIA. EXPTE. 9296/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo e coordinador xeral da Tenencia de Alcaldía, do 12.01.10, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1.- Nomear a D. Francisco Javier Fafián Mosquera para desenvolver a dirección de execución e a coordinación de seguridade e saúde na fase de execución de obra en representación de NAOS TECNICO, S.L.P.
- 2.- Nomear a D. Santiago González García e D. Miguel Porras Gestido, do Naos Arquitectos, para desenvolver a dirección facultativa das obras de “Construcción dun pavillón polideportivo en Navia”.
- 3.- Aprobar o Plan de seguridade e saúde da obra “Construcción dun pavillón polideportivo en Navia, presentado pola UTE NAVIA VIGO (ANTALSIS/ALDASA), informado favorablemente por Francisco Javier Fafián Mosquera, en representación da dirección da obra.
- 4.- Encargar a supervisión técnica dos traballos aos arquitectos municipais, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal.

7(11).- DECLARACIÓN EN SITUACIÓN DE SERVICIOS NOUTRAS ADMINISTRACIÓN DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS ADSCRITO Á XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 19596/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 7 de xaneiro de 2010 emitido pola xefa do Servizo de Recursos Humanos coa conformidade do concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declarar ás seguintes funcionarias, auxiliares de administración xeral, en situación administrativa de servizo noutras administracións públicas, por ter superado o proceso selectivo para administrativas de administración xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo e tomar posesión das ditas prazas, de conformidade co previsto no art. 88 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, con efectos económicos e administrativos do día 31 de decembro de 2009:

- D^a María Teresa André Lorenzo, con DNI 36.032.659-P
- D^a María Elena Rodríguez Pequeño, con DNI 36.110.501-H
- D^a María Luisa León Rodríguez, con DNI 36.028.093-L
- D^a María Inmaculada Bilbao Echegaray, con DNI 36.064.812-F
- D^a Laura Amez Murás, con DNI 36.042.587-T
- D^a María Reyes Villamor Álvarez, con DNI 36.036.280-H.

Segundo.- As interesadas rexeranse pola lexislación da administración na que estean destinadas de forma efectiva e conservarán a súa condición de funcionarias da administración de orixe e o dereito a participar nas convocatorias para a provisión de postos de traballo que se efectúen por esta última. O tempo de servizo na administración pública na que estean destinadas computaráselles como de servizo activo no seu corpo ou escada de orixe.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ás interesadas, Xerencia Municipal de Urbanismo, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Organización e Planificación) aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime mellor fundado en Dereito.

8(12).- DECLARACIÓN EN SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE SERVICIOS ESPECIAIS DA FUNCIONARIA MUNICIPAL D^a CARMEN SASTRE VÁZQUEZ. EXPTE. 19595/220.

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta de data 7 de xaneiro emitido pola xefa do Servizo de Recursos Humanos coa conformidade do concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declarar á funcionaria D^a CARMEN SASTRE VÁZQUEZ, con DNI 36.049.832-T, na situación administrativa de servizos especiais no posto de traballo de

“administrativo de administración xeral”, encadrada no Servizo de Educación, con efectos do 1 de xaneiro do 2010, ao abeiro do establecido no artigo 87 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en virtude da petición formulada pola interesada á que achega resolución presidencial da Deputación Provincial de Pontevedra en escrito de data 04/01/2010 (documento nº 100000395).

Segundo.- O dereito á reserva de posto de traballo e a súa materialización no suposto do reingreso deberá respectar en todo caso as consecuencias derivadas da execución da Sentenza firme núm. 241/2008, do 2 de setembro, ratificada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en Sentenza núm. 838/2009 (recurso de apelación 628/2006).

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo á interesada, Deputación Provincial de Pontevedra, Concelleiros-delegados e xefes/as das Áreas e Servizos afectados, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Organización e Planificación) aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime mellor fundado en Dereito.

9(13).- ABOAMENTO DE DEREITOS DE INSCRIPCIÓN DO CURSO DE DISPENSA DE GRAO BACHAREL (AGASP) DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 19532/220.

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta de data 4 de decembro de 2009 emitido pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e máis polo superintendente da Policía Local, coa conformidade dos concelleiros delegados, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar, comprometer e dispoñer o pagamento, conforme ao disposto na Lei 7/1985, do 2 de Abril, de Bases do Réxime Local e o Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de Marzo, das Facendas Locais, o gasto total de 8.000,00 €, con cargo á partida orzamentaria 2222.1620000, destinadas ao aboamento dos dereitos de inscrición no curso de dispensa da titulación de bacharel e aboar a cantidade de 250,00 € correspondentes aos dereitos de inscrición nos cursos de dispensa da titulación de bacharel aos funcionarios contidos na relación que se achega no expediente.

10(14).- CONCESIÓN DE AXUDAS ESPECIAIS CON CARGO AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL 2009. EXPTE. 19541/220.

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta de data 16 de decembro de 2009 emitido pola xefa da Área de Réxime Interior, coa conformidade do concelleiro delegado, visto o informe da intervención Xeral de data 7 de xaneiro de 2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar as axudas especiais, con cargo ao Fondo de Acción Social, por importe total de 18.797,00 € (DEZAOITO MIL SETECENTAS NOVENTA E SETE MIL EUROS), aos empregados municipais que se relacionan, nos termos da proposta efectuada pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do 18/11/2009:

NOME	DNI	Nº Persoal	EUROS
Bugallo Corrales, José Elías	36142415	79109	4.400,00 €
Faro Chamadoira, Angeles	36033947	15071	5.898,00 €
Fernández Alonso, José Angel	36037789	12055	1.870,00 €
García Romero, Margarita	35976780	7166	720,00 €
Magdalena Vila, Mª Jesús	36025359	13161	2.067,00 €
Molina Magdalena, Fernando	36065820	77043	1.062,00 €
Pena García, Susana	36129838	80278	740,00 €
Rodríguez Fernández, Manuel	35763481	11162	2.040,00 €
SUMA TOTAL			18.797,00 €

Solicitudes denegadas:

- D^a Mirtha Cabaleiro Besada (por ser axuda socio-sanitaria).
- D^a Patricia Cid Monteiro (só se paga intervención).
- D. Antonio Vidal Trigo (só se paga intervención)”

11(15).-NOMEAMENTO INTERINO DUNHA ENXEÑEIRA TÉCNICA INDUSTRIAL. EXPTE. 19587/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de planificación e organización de Recursos Humanos, do 11.01.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder á cobertura interina dunha praza vacante de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial, Escala Administración Especial, Subescala Técnica, Clase; Media, dacordo co artigo 10.1.a), da Lei 7/2007, do 12 de abril (EBEP), xustificada nas necesidades de efectivos do Servizo de Mobilidade, Transporte e Seguridade, contida no escrito de data 29 de novembro de 2009.

Segundo.- Nomear funcionaria interina con cargo á praza vacante de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial a D^a. CARMEN VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ, con DNI. 76.617.377-F , aspirante que superou tódolos exercicios do proceso de selección de persoal para funcionarios

interinos celebrado no Concello, vista a inexistencia de aspirantes dispoñibles nas listas de reserva derivadas da execución da derradeira Oferta de Emprego Público do Concello. O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no artigo 10.1.a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, extinguíndose automaticamente a condición de funcionaria interina no momento en que se cubra definitivamente a praza á que se adscriba ao interesado, previa resolución do procedemento selectivo competitivo e público a incluír na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2009, ou, senón se convocase, na primeira oferta de emprego que se convoque, nos termos dispostos na lexislación vixente en materia de acceso ao emprego público (Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público).

12(16).- AUTORIZACIÓN REINGRESO DO FUNCIONARIO MUNICIPAL D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ. EXPTE. 19603/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 15.01.10, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.-En sesión de data 15 de xaneiro do 2007, a Xunta de Goberno Local acordou:

“PRIMEIRO.- Declarar ao funcionario D. Julio Carrasco Rodríguez, con DNI 1.398.127 e nº de persoal 78.127, enxeñeiro técnico de obras públicas adscrito ao Servizo de Vías e Obras, responsable da comisión dunha falta disciplinaria moi grave, tipificada no artigo 31.1.h) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, consistente no incumprimento das normas sobre incompatibilidades, a corrixir coa sanción de suspensión de funcións por un tempo máximo de 6 anos e mínimo de 3 anos, recollida nos artigos 8.b) e 9.2 do Decreto 94/1991, do 20 de marzo, do Regulamento do Réxime Disciplinario dos Funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

SEGUNDO.- Impoñer ao mesmo a sanción no seu grado mínimo, consistente na suspensión de funcións por 3 anos anteriormente referenciada, que deberá comezar a cumprir dende a data da notificación da presente resolución.

TERCEIRO.- Dar por concluída a situación de suspensión provisional do mencionado funcionario acordada en Decreto da Alcaldía accidental de data 17/07/2006.

CUARTO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, Comité de Persoal, Concelleiro-delegado da Área, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior e Xefe do Servizo de Vías e Obras aos efectos oportunos.

QUINTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, nos supostos, temos e condicións do disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-

Administrativa, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que estime procedente en defensa dos seus dereitos.”

2.- A legalidade do acto administrativo transcrito –e conseguintemente, da actuación seguida polo Concello de Vigo- foi confirmada por Sentenza nº 157/2007, do 28 de xuño, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, e confirmada por Sentenza nº 628/2009, do 7 de xullo, dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de apelación 28/2008.

3.- En escrito de data 16/12/2009 (documento nº 90181418) o funcionario D. Julio Carrasco Rodríguez solicita o reingreso ao servizo activo unha vez cumprido o tempo de suspensión contido na sanción disciplinaria imposta.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- A normativa vixente en materia de réxime disciplinario e exercicio da potestade sancionadora dos funcionarios públicos que resulta de aplicación aos funcionarios ó servizo da Administración Local vén conformada pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 12 de abril do 2007) que nada establece en relación ás incidencias posteriores ao efectivo cumprimento da sanción (v. Título VII da norma referida).

Na actualidade, e toda vez que a nova lexislación reguladora do réxime xurídico dos empregados públicos se atopa pendente de desenvolvemento normativo –tanto por parte do lexislador básico estatal como do lexislador autonómico no marco das súas competencias- debemos remitirnos ao disposto no Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia, en cuxo artigo 62 contempla literalmente que:

“As (persoas) que estean en situación de excedencia forzosa ou de suspensión de funcións en firme, neste caso ao cumpriren o tempo de suspensión, están obrigadas a solicitar o reingreso, que lles será concedido, de existiren vacantes, con carácter provisional e ata que obteñan destino con carácter definitivo, a través de concurso de traslados, estando obrigadas a participar en todos os que se convoquen ata que iso se produza e, de non o facer, serán declaradas na situación de excedencia voluntaria por interese particular.”

II.- Tendo sido solicitado polo funcionario sancionado o reingreso ao servizo activo coa antelación indicada á data de finalización do cumprimento da sanción disciplinaria imposta pola Xunta de Goberno Local en acordo de data 15 de xaneiro do 2007, procede autorizar o reingreso e a conseguinte adscripción á praza e posto de traballado asociado ao cal o Sr. Carrasco Rodríguez figuraba adscrito no momento de imposición da sanción (o cal se atopa dende entón vacante, a pesares de non existir dereito a reserva do mesmo, nos termos do establecido no artigo 10 do Decreto 94/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento e Réxime Disciplinario dos funcionarios/as ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia), toda vez que a peculiar forma de provisión dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación que teñan asignado o nivel de complemento de destino 26 ou superior conlevan a adscripción polo sistema de libre designación, nos termos do establecido tanto nas vixentes Instrucións sobre plantilla e cadro de persoal municipal do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local de 21 de xaneiro do 2009, como nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2009 (Base 34ª) actualmente prorrogado, sen prexuízo de que os funcionarios a eles adscritos poden ser libremente removidos dos mesmos en calquer momento.

III.- Vistos os antecedentes e documentación obrante no expediente, e considerando as atribucións que en materia de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, introducido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e a proposta do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal nos termos do Acordo da Xunta de Goberno Local do 16 de xullo do 2007, sométese ao criterio decisorio da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Autorizar o reingreso do funcionario municipal D. Julio Carrasco Rodríguez, con nº de persoal 78.127, unha vez cumprida a sanción disciplinaria imposta pola Xunta de Goberno Local en acordo de data 15 de xaneiro do 2007, con efectos económicos e administrativos do 16 de xaneiro do 2010.

SEGUNDO.- Dispoñer a adscripción do funcionario cuxo reingreso se autoriza ao posto de traballo vacante que ocupaba ata o momento da imposición da sanción (técnico/a medio de obras públicas, código 442.02) sen prexuízo establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2009 (Base 34ª) actualmente prorrogado, en canto á forma de provisión dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación que teñan asignado o nivel de complemento de destino 26 ou superior (sistema de libre designación).

TERCEIRO.- Dese traslado do presente acordo aos Concelleiros/as delegados/as das Áreas de Servizos Xerais e Xestión Municipal, Xefatura da Área de Servizos Xerais, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Vías e Obras, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización), funcionario interesado e Comité de Persoal aos efectos oportunos, significándose que contra o presente acordo poderanse interpoñer os recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(17).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE CATRO AUXILIARES ADMINISTRATIVAS. EXPTE. 19602/220.

A Xunta de Goberno local retira este expediente da orde do día.

14(18).- TOMA DE COÑECEMENTO DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA “PROHIBICIÓN DA VENDA DE BEBIDAS ALCOHÓLICAS AOS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS SITOS NO INTERIOR DO PERÍMETRO DELIMITADO DENDE AS 22.00 H. DAS NOITES DOS VENRES, SÁBADOS, FESTIVOS E VÉSPERAS DE FESTIVOS ATA AS 9.00 H. DO DÍA SEGUINTE. EXPTE. 77046/210.

Con data 8 de xaneiro de 2010 a xefa de Seguridade, coa conformidade do concelleiro delegado, emite o seguinte informe-proposta::

“1.- A Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria do 4 de novembro de 2009, adoptou o seguinte acordo no expediente administrativo nº 77046/210/2009:

“PRIMEIRO: Impoñer aos establecementos comerciais, sitios dentro do polígono interior que se delimita no apartado segundo deste acordo, que inclúan na súa oferta bebidas alcohólicas, a prohibición de expender estas bebidas dende as 22:00 horas das noites dos venres, sábados, festivos e vésperas de festivos ata as 09:00 horas do día seguinte.

SEGUNDO: O polígono está delimitado polas seguintes rúas, incluídas:

Praza de España, rúa Gran Vía, rúa Lepanto, rúa Alfonso XIII, Avda. García Barbón ata a rotonda de Isaac Peral, rúa Areal, rúa Concepción Areal, rúa Montero Riós, rúa Cánovas del Castillo, Avda. Beiramar ata a súa confluencia coa rúa Coruña, rúa Coruña, Praza de América, rúa Gran Vía ata Praza de España.

TERCEIRO: Abrir un período de información pública polo prazo de 20 días naturais para a presentación de reclamacións e suxestións.

CUARTO: Este acordo constitúe un acto de trámite que terá efectos a partires da data da súa aprobación definitiva. Declarar, que de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado este acordo ata entón provisional, debendo publicarse integramente no BOP. “

2.- Con data 23.11.2009, publicábase no BOP nº 226, o devandito acordo de aprobación inicial.

3.- Segundo consta na certificación expedida polo Titular da Xunta de Goberno Local o 4 de xaneiro de 2010, durante o período de información pública non se presentaron reclamacións ao expediente 77046/210/2009.”

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local

Primeiro.- Tomar coñecemento do acordo de aprobación definitiva segundo o disposto no apartado cuarto do acordo aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria do 04.11.2009.

Segundo.- Publicar o presente acordo no BOP segundo o establecido no artigo 59.6.a) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que entrará en vigor ao día seguinte da devandita publicación.

Terceiro.- Comunicar a prohibición aprobada á Dirección Xeral competente en materia de comercio ao abeiro do previsto no art. 10 da Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia.

Cuarto.- Indicar aos interesados/as que o acordo que se notifica pon fin á vía administrativa ao abeiro do disposto no artigo 109.c) da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común 30/1992, do 26 de novembro. Contra este acto administrativo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992. Asemade, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo segundo o previsto nos artigos 1, 8, 25.1, 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, 116 e concordantes da Lei 30/1992, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da presente notificación; sen prexuízo da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.”

A Xunta de Goberno Local acorda prestar a súa aprobación ao anterior informe-proposta.

15(19).- APROBACIÓN DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 991/400.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 14.01.10, dáse conta da proposta da xerente municipal de Urbanismo, do 8.01.09, que di o seguinte:

A Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo, foi creada por acordo plenario de data 29.07.96 como un modo de xestión directa do servizo público de urbanismo, actuando como organismo autónomo e dotada de personalidade xurídica propia.

O 20.10.00 o Pleno do Concello de Vigo, deu aprobación á modificación dos estatutos da Xerencia municipal de urbanismo.

Dende a mencionada modificación, se realizaron diversos cambios legislativos que implican a necesidade de realizar un proceso de adaptación e modificación dos estatutos da Xerencia municipal de urbanismo.

Entroutras normas, a disposición transitoria terceira da Lei 57/2003, de 16 de decembro, estableceu un mandato no sentido de realizar un proceso de adaptación dos estatutos tra-la nova configuración legal outorgada aos organismos autónomos prevista no artigo 85 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

O proceso e adaptación e modificación dos estatutos, pode entenderse formalmente iniciado tra-lo acordo da Xunta de Goberno Local de data 28.01.08, na que se acordou o seguinte: “(...) 2.- Incoar o expediente de modificación dos Estatutos da Xerencia co obxecto de integrar todo o persoal que preste servizo na Xerencia municipal de urbanismo nunca única relación de postos de traballo (...)”.

Unha vez elaborada a proposta de modificación (15.10.09), deuse traslado da mesma aos diferentes grupos municipais e ó comité de persoal do Concello de Vigo.

En data 23.10.09 (doc 90151853) o Grupo Municipal do Partido Popular presenta suxencias ó texto proposto como de modificación dos vixentes estatutos. En concreto, realízanse as seguintes consideracións:

- *Falla de claridade na redacción dos órganos de goberno do Consello da Xerencia, a súa estrutura orgánica e jerárquica e ausencia do artigo cuarto:*

RESPOSTA: En primeiro lugar, tense que informar que os órganos de goberno están enumerados no artigo cuarto dos vixentes estatutos, único que non sufría modificación na proposta sometida á consideración dos grupos políticos. Non obstante, analizando o mesmo e vista a nova redacción do artigo sétimo, estímase necesario prever como un órgano máis o delegado de urbanismo e vivenda. Por outra parte, en relación cos órganos de goberno e administración das Administracións locais, non existe unha dependencia jerárquica entre os mesmos, senón unha distribución de atribucións baseadas na aplicación do principio de competencia.

CONCLUSIÓN: Procédese á rectificación dos estatutos no sentido informado.

- *Rebaixa do contido político da Xerencia municipal de urbanismo, polo feito de poder diferenciar a figura de Delegado de urbanismo co Vicepresidente.*

RESPOSTA: A nova configuración dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno Local, permite no seu artigo 126.2 a introducción como membro da Xunta de Goberno Local, persoas que non ostenten a condición de concelleiros e a atribución de certas responsabilidades dentro das áreas do Concello (tal como acontece na actualidade para a área de urbanismo e vivenda). A proposta posibilita a utilización da posibilidade prevista legalmente, pero non obriga nun futuro a súa utilización. De tal xeito, o apartado 3º do artigo sexto prevé a acumulación das funcións previstas para o Vicepresidente e Delegado. O contido político de ambos órganos non se ve alterado polo feito de que exista a posibilidade de que un concelleiro/a non electo poida ostentar responsabilidades na área de urbanismo e se integre na organización da Xerencia como un órgano máis.

CONCLUSIÓN: Manter o contido da proposta de modificación.

- *Incongruencia nas competencias delegables por parte do Presidente da XMU nos artigos 5.2 e 6.2.*

RESPOSTA: A proposta de modificación, con respecto á posibilidade de delegación da función de convocatoria e presidencia do Consello da Xerencia, quedan condicionada á que o órgano delegado sexa parte do Consello da Xerencia con plenitude de dereitos. Naquel caso de que exista Delegado e o propio Xerente/a, pese a ser membros do Consello, non dispoñen da facultade de votar os asuntos que se deliberen no órgano colegiado. Polo tanto, tampoco pode atribuírse por delegación a facultade de convocatoria e presidencia do Consello da Xerencia. Así mesmo, tense que informar que a Vicepresidencia ostenta as facultades propias de tal figura nun órgano colegiado en caso de ausencia, enfermidade ou impedimento do Presidente, sen necesidade de que sexa obxecto de delegación.

CONCLUSIÓN: Manter o contido da proposta de modificación.

- *Falla de contido político da Xerencia que deriva en que o posto de Xerente sexa nomeado pola Xunta de Goberno Local a non polo Consello conforme a anterior redacción. Perda de funcións e atribucións do posto de Xerente.*

RESPOSTA: A proposta de modificación opta pola utilización do nomeamento do posto de Xerente pola Xunta de Goberno Local. Pese a que a LRBRL non predetermina o órgano competente para a selección do máximo órgano de dirección do organismo autónomo, estímase convinte acudir por analogía ao previsto para os coordinadores e directores xerais no artigo 130 da LRBRL.

Por outra parte, non se aprecia a existencia dunha perda das funcións propias do posto de Xerente na modificación dos estatutos. Son redactados incluso dunha forma máis ampla e caracterizados por ser funcións executivas, de dirección e control, sen prexuízo do exercizo de funcións por delegación naquel caso que se estime oportuno.

- *Erros de sintaxe no punto oito.*

RESPOSTA: Aprécianse tales erros.

PROPOSTA: Rectificar a proposta.

Por outra parte, o Comité de Persoal foi informado do proceso de modificación e asistiu á reunión mantida na Xerencia municipal de urbanismo o 18 de novembro de 2009, co único obxecto de canalizar as sugerencias da representación do persoal. Tales poden ser resumidas nas seguintes:

- *Analizar a congruencia da letra h, do artigo 3º e a letra f do artigo 5º.*

RESPOSTA: Efectivamente se aprecia certa contradición entre a letra h do artigo 3º e f do 5º. Procede a rectificación da letra h, matizando que a relación de postos de traballo, retribucións do persoal e oferta de emprego é para todo persoal que presta servizos na Xerencia (é dicir, sexa propio ou por adscripción). Con respecto á aprobación das bases da convocatoria de selección e provisión de postos de traballo, número e réxime do persoal eventual, separación do servizo, réxime disciplinario e demais decisións, se limitará a aquel persoal que se encontre en adscripción.

PROPOSTA: Rectificar a redacción da letra h do artigo 3º.

- *Eliminación do párrafo segundo do artigo 14º por resultar innecesario.*

RESPOSTA: Dada a situación de confusión que xenerou a anterior redacción dos estatutos con respecto á relación de postos de traballo, recoméndase que o precepto sexa o suficientemente claro, por elo, apreciase a necesidade de rectificar a dicción do precepto.

PROPOSTA: Rectificar o artigo 14º segundo a proposta realizada pola Oficina de Persoal eliminando as referencias á relación de postos de traballo.

- *Engadir ao artigo 16º o seguinte contido “No seu defecto as funcións serán as mesmas que as asignada a postos de homóloga natureza ou aos máis similares caso de non existir no Concello de Vigo”.*

RESPOSTA: As funcións para cada posto de traballo veñen descritas de xeito xenérico na lexislación vixente en materia de persoal e Réxime Local. A singularidade das funcións do persoal que presta servizos no organismo autónomo, aconsella que sexa a RPT o instrumento organizativo polo cal se definan con precisión as funcións de cada posto de traballo, sen que existan referencias na RPT do Concello ou na súa Guía, postos con función asimilables. A elaboración da RPT coa descripción das funcións de cada posto de traballo, é unha necesidade organizativa e á vez, unha esixencia legal derivada da aplicación do artigo 74 do Estatuto Básico do Empregado Público.

PROPOSTA: Manter a redacción do artigo 16º e recoller as suxerencias realizadas dende a Oficina de Persoal do Concello.

- Engadir un artigo no que se estableza o seguinte: “(...) As retribucións básicas e de complementos retributivos do persoal da Xerencia, nas súas diferentes categorías e nos diferentes postos de traballo, non poderán ser inferiores ás de aqueles postos de traballo de igual grao e contido do resto da organización municipal segundo o acordo regulador vixente en cada momento (...)”.

RESPOSTA: Como ben establece a redacción proposta por parte da representación sindical, o acordo regulador xa establece tal previsión, con independencia de que será o análise das funcións de cada posto de traballo o que estableza a posibilidade de modular as retribucións complementarias. As básicas, en todo caso, virán determinadas para cada grupo e subgrupo e son fixadas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado.

PROPOSTA: Manter a redacción.

- Engadir o seguinte artigo: “(...) Situación do persoal: A situación de todo o persoal que preste os seus servizos na Xerencia de Urbanismo con independencia da súa inclusión na plantilla e orzamento do Concello ou no Organismo Autónomo, atópase a tódolos efectos en situación de servizo activo no Concello. Pode por tanto participar nos procedementos de provisión de psotos de traballo, promocións internas, adscricións provisionais, traslados etc...do propio Concello en condicións de igualdade co resto do persoal municipal. O persoal non perderá os seus dereitos adquiridos na Xerencia de Urbanismo, polo que a antigüidade e promoción profesional acadadas na Xerencia terán validez en caso de traslado a un posto no Concello de Vigo. Estes dereitos correspóndenlle recíprocamente ao persoal do Concello de Vigo en relación co OA Xerencia Municipal de Urbanismo (...)”.

RESPOSTA: A situación de servizo activo no Concello de Vigo, non pode extenderse ao persoal propio da Xerencia que se encontrará na situación aludida no organismo autónomo. No caso de introducir dita afirmación, estaría en situación de servizo activo en dous entes con personalidade xurídica-administrativa. A situación de servizo activo do persoal do Concello que se encontre en adscrición no organismo autónomo, por obvia resulta innecesaria a súa introducción. Non obstante, farase referencia da mesma na disposición transitoria única dadas a confusión e inseguridade existente.

En canto a posibilidade de participar nos procedementos de provisión de postos de traballo, promocións internas e traslados de todo o persoal, con independencia de si é persoal propio ou por adscrición, tense que informar que non é obxecto dos estatutos regular tal previsión. En efecto, é a relación de postos de traballo do Concello de Vigo, a que debe prever a posibilidade de que todo o persoal poida participar en procedementos de provisión e promoción interna en igualdade de

condicións. A proposta sindical, é totalmente congruente cos principios contidos no Capítulo II do Título III do EBEP, na propia Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e demais normas en materia de persoal das Administracións Locais. Nas aludidas normas, estase a promover o establecemento de medidas tendentes á mobilidade interadministrativa de todo o persoal funcionario (por exemplo, de xeito específico para a Policía local, na Lei 4/2007, de 20 de abril). Con maior fundamento, debería procurarse permitir e prever na RPT do Concello a posibilidade de que os postos de traballo do Concello de Vigo poidan ser desempeñados por persoal da Xerencia e do resto dos organismo autónomos, sempre que cumpran os requisitos de titulación e pertencen ao grupo ou escala descrita no devandito instrumento organizativo. A situación actual provoca disfuncións tales como que postos de traballo da Xerencia que son descritos na RPT do Concello, non poden ser desempeñados polo persoal propio do organismo autónomo, o que supoñe unha alteración evidente do progreso e promoción profesional do mencionado persoal. Por todo elo, respetando a sistemática da proposta de estatutos, introdúcese unha referencia na disposición transitoria única.

Por outra parte, o persoal da Xerencia non perderá os dereitos adquiridos na Xerencia de urbanismo relativos á antigüidade e promoción profesional acadadas no Organismo Autónomo, salvo os que sexan inherentes ao posto de traballo. O recoñecemento ven establecido na normativa vixente en materia de persoal.

PROPOSTA: Por non ser obxecto dos estatutos, non se introduce ningunha referencia sobre a situación do persoal.

- Modificar a disposición transitoria única no seguinte sentido: “(...) De inmediato, comenará o proceso de elaboración dunha plantilla e RPT que comprenda todo o persoal que presta servizos na Xerencia Municipal de Urbanismo (...)”.

RESPOSTA: Tra-las suxerencias realizadas dende a Oficina de Persoal, elimínase a disposición transitoria primeira.

Tendo en conta os informes incorporados ao expediente e o procedemento legalmente establecido para a modificación dos estatutos da Xerencia municipal de urbanismo, **PROPÓÑESE** ao Pleno do Concello de Vigo (previa aprobación do proxecto de modificación pola Xunta de Goberno Local), o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente a modificación dos estatutos da Xerencia municipal de urbanismo contida como Anexo da presente proposta.

2.- Someter o expediente a un trámite de información pública por un prazo de trinta días para a presentación de cantas reclamacións ou suxerencias se estimen oportunas. Naquel caso que non houbera reclamacións ou suxerencias, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba o proxecto de modificación dos estatutos da Xerencia municipal de Urbanismo tal e como se transcribe de seguido:

ANEXO

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN E ADAPTACIÓN DOS ESTATUTOS DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO.

PREÁMBULO

A Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo, foi creada por acordo plenario de data 29.07.96 como un modo de xestión directa do servizo público de urbanismo, actuando como organismo autónomo e dotada de personalidade xurídica propia.

Dende a data de constitución ata a presente, se produciron diversos cambios legislativos que derivaron en disfuncionalidades do texto de estatutos aprobados que ata este momento se están a rexer.

A disposición transitoria terceira da Lei 57/2003, de 16 de decembro, estableceu un mandato no sentido de realizar un proceso de adaptación dos estatutos tra-la nova configuración legal outorgada aos organismos autónomos prevista no artigo 85 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

A reforma planteada proxéctase sobre os cinco capítulos da redacción orixinaria, con tres disposicións adicionais, unha disposición transitoria e final.

A reforma do Capítulo Primeiro procura da adaptación da definición da Xerencia municipal de urbanismo como un órgano de xestión directa do Concello de Vigo para o servizo público encomendado legalmente ás Entidades Locales en materia urbanística. Por outra parte, se precisa dunha mellor definición das potestades e funcións atribuídas ó organismo autónomo de acordo coa nova distribución de atribucións realizada tra-la entrada en vigor do Título X da Lei 57/2003 para os municipios de gran poboación e a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. Defínense con detalle as funcións instrumentais de planeamento e xestión, vivenda e solo e na intervención administrativa na actuación dos particulares.

En canto á proposta de reforma do Capítulo Segundo, consiste na adaptación do réxime dos órganos necesarios da Xerencia municipal, regulando con detalle as materias e atribucións reservadas ó Concello e as que son asumidas con competencia resolutoria plena ó organismo autónomo. Dadas as posibilidades organizativas que permite a asunción do réxime dos Municipios de gran poboación, crease a figura do Delegado de urbanismo como órgano diferenciado ao de Vicepresidente do Consello da Xerencia. Así mesmo, o réxime de funcionamento do Consello da Xerencia é remitido ás regra previstas para as Comisións informativas previsto no Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais.

O Capítulo Terceiro clarexa a situación do persoal que presta servizos na Xerencia municipal de urbanismo, remitíndose a súa regulación a unha relación de postos de traballo na que se contemple a definición da totalidade dos postos de traballo, sexan prestados por persoal propio do organismo autónomo ou do Concello de Vigo.

A reforma do Capítulo Cuarto, céntrase na definición do réxime patrimonial da Xerencia municipal de urbanismo e as funcións encomendadas á hora da administración do Patrimonio Municipal do Solo.

O Capítulo Quinto procura unha maior descripción do réxime xurídico dos actos e resolucións dos órganos integrados na Xerencia municipal de urbanismo.

Nas disposicións adicionais da reforma plantexada, prevén a posibilidade e procedemento de aprobación dos estatutos, as eventuais consecuencias da disolución da Xerencia e por último, o establecemento dun control de eficacia e eficiencia da xestión do servizo público encomendado.

Por todo elo, se propo;e a reforma dos estatutos da Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo, no sentido que se indica nos artigos que se relacionan a continuación.

Artigo 1º - *Modificación de los Estatutos da Xerencia municipal de urbanismo aprobado polo Pleno do Concello en data 29.07.96 e a súa modificación operada polo acordo de 20.10.00.*

Modificación da redacción dos artigos 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º, 7º, 8º, 9º, 10º, 11º, 12º, 13º, 14º, 15º, 16º, 18º, 19º, 20º, 21º, 22º, 23º, 24º e 25º.

Artigo primeiro: *Natureza da Xerencia municipal de Urbanismo.*

1. *De conformidade co disposto no artigo 4.1, 85.2.A e 86 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, os artigos 295.3 b) e 301.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigos 5.2 e 228.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do medio rural de Galicia e os artigos 15 e seguintes do Real Decreto 3.288/78, de 25 de Agosto, 228.2, constitúese a Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, como Organismo Autónomo de carácter local con personalidade xurídica pública e patrimonio propio para o cumprimento dos seus fins.*
2. *A sede do Organismo Autónomo encóntrase ubicada na Praza do Rei do Concello de Vigo.*

- Artigo Segundo: *Obxecto, finalidade e potestades administrativas.*

1. *Constitúe o obxecto e a finalidade da Xerencia municipal de Urbanismo, a xestión e execución, en réxime de descentralización funcional, das competencias atribuídas ó Concello en materia urbanística, co alcance e límites establecidos nos presentes Estatutos.*
2. *Para o cumprimento das súas finalidades, goza de personalidade xurídica pública propia, capacidade xurídica, con patrimonio e tesorería propios, así como autonomía de xestión.*
3. *Na súa calidade de Administración Pública, dentro da esfera das súas competencias, e de conformidade có disposto no artigo 6 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, a Xerencia Municipal de Urbanismo ten as potestades administrativas propias seguintes:*
 - a) *Potestade de autoorganización sen prexuízo da que lle corresponda ó Pleno da Corporación regulamentaria e de ordenación dos aspectos secundarios da función encomendada, no marco e co alcance establecido nos presentes Estatutos, particularmente a de dictar instrucións e órdenes de servizo de réxime interno.*
 - b) *Potestade financeira.*
 - c) *Potestade de programación ou planificación das súas actividades.*
 - d) *Potestade de investigación, deslinde e recuperación de oficio dos seus bens e daqueles que lle foran adscritos ou cuxa administración teña encomendada*
 - e) *Presunción de lexitimidade e executividade dos seus actos administrativos.*
 - f) *Potestade de execución forzosa e sancionadora.*

- g) *Potestade de revisión de oficio dos seus actos e acordos.*
- h) *Prelación, preferencias e demais prerrogativas recoñecidas á Facenda Pública para os seus créditos, así como a inembargabilidade dos seus bens e dereitos nos términos establecidos pola Lei.*
- i) *Potestade de constituir sociedades mercantiles, participar en outras xa constituídas ou entidades públicas empresariais, cando sexa imprescindible para a consecución das súas finalidades.*
- j) *Potestade de control da edificación e do uso do solo*
- k) *Nos supostos de carencia dalgunha potestade precisa para o cumprimento dos seus fins, nos termos previstos nos presentes Estatuto , a Xerencia poderá solicita-lo seu exercizo polo Concello ostentando a condición de beneficiaria.*

4. *Son función atribuídas á Xerencia municipal de urbanismo:*

A/ As funcións instrumentais de planeamento e xestión:

1. *Redactar, tramitar e propondr os órganos municipais competentes a revisión ou modificación do Planeamento de Ordenación Municipal e de desenvolvemento de iniciativa pública previstos na lexislación en materia urbanística pola Comunidade Autónoma.*
2. *Tramitar e propoñer os órganos municipais competentes a aprobación ou modificación do planeamento de desenvolvemento e calquera outro instrumento de ordenación urbanística de iniciativa privada establecido pola lexislación da Comunidade Autónoma.*
3. *Informe de todo tipo de instrumento de ordenación do territorio que incida sobre o planeamento municipal.*
4. *Preparar e propoñer a aprobación de calquera documento ou proxecto de índole urbanística que deba e poida redactar o Concello.*
5. *Expedición de informes e certificacións urbanísticas acreditativas do réxime urbanístico aplicable ás fincas, edificios, polígonos ou sectores, nos supostos previstos no Plan Xeral de Ordenación Municipal e na lexislación vixente.*
6. *Informe, avaliación e seguimento da actividade de execución urbanística, na que comprenderá necesariamente a sustentabilidade ambiental e económica.*
7. *Análise, seguimento e control da incidencia do desenvolvemento urbanístico nas infraestruturas previstas no planeamento ou noutros instrumentos.*
8. *Executar, directa ou indirectamente, plans e proxectos urbanísticos, así como a realización de cantos actos atribúe a lexislación vixente os Concellos en relación coa execución de planeamento, incluíndo a*

tramitación e proposta de aprobación de Estatutos e Bases de actuación de entidades urbanísticas colaboradoras.

9. *Incoación, tramitación e proposta de aprobación dos expedientes de substitución do sistema de actuación cando resulte procedente a súa modificación.*
10. *Tramitación e proposta de aprobación de todo tipo de instrumento de equidistribución.*
11. *Propoñer a delimitación e aprobación de proxectos de normalización de predios.*
12. *Tramitar, executar e proposta de aprobación de expedientes de expropiación forzosa.*
13. *Redactar, tramitar e executar os proxectos de urbanización, así como o seguimento e control da execución e recepción.*

B/ As funcións instrumentais en materia vivenda e solo.

1. *A xestión do Patrimonio municipal do solo, ostentando a titularidade fiduciaria con pleno poder dispositivo sobre os bens que o integran, correspondendo a titularidade dominical ó Concello. Para tal efecto, poderá adquirir, poseer, reivindicar, administrar, gravar e allear toda clase de bens, así como adquirir por calquera título, terreos destinados á formación de reservas de solo, preparación de soares ou calquera outra finalidade análoga de carácter urbanístico. En particular, formalizará as adquisicións de aproveitamentos urbanísticos e as cesións de terreos que se produzan como consecuencia da execución do planeamento.*
2. *A xestión, en colaboración co resto de departamentos do Concello de Vigo, das vivendas que son propiedade do Concello de Vigo. Así mesmo, a coordinación cos restantes departamentos municipais, organismos estatais e autonómicos con competencia en materia de necesidades de vivenda, para establecemento dun programa municipal de axudas á vivenda.*
3. *A información e asesoramento técnico en materia de vivenda, habitabilidade e réxime de axudas públicas á vivenda.*
4. *A regulación e tramitación dos expedientes de realoxamento por actuacións urbanísticas.*
5. *A tramitación de todo expediente relacionado co Rexistro municipal de soares e edificacións a rehabilitar, así como a proposta de declaración de incumprimento dos deberes urbanísticos e inclusión das fincas e*

edificacións no Rexistro de soares, ós efectos da súa venda, substitución ou expropiación forzosa.

6. *A xestión e regulación dos usos dos solos destinados a equipamentos que son adquiridos polo Concello no desenvolvemento do PXOM.*

C/ As funcións instrumentais en materia de intervención administrativa.

1. *Proposta de outorgamento de toda clase de licenza urbanística, de edificación e uso do solo e subsolo, incluíndo o sinalamento de aliñacións e rasantes e demais actos previstos no Plan Xeral.*
2. *Proposta de outorgamento de licenzas de instalación e apertura de toda clase de establecementos industriais, fabrís ou mercantís.*
3. *Exercer as funcións de policía urbanística e, en particular velar polo cumprimento do deber de conservación dos edificios, terreos e urbanizacións, dictando ao efecto as órdenes de execución que foran precisas e, declarando no seu caso, o estado ruinoso das construcións.*
4. *Adopción de medidas previstas na lexislación urbanística sobre protección e restauración da legalidade urbanística.*
5. *Incoación, instrución e resolución de expedientes sancionadores por comisión de infraccións urbanísticas.*

5. As anteditas facultades teñen un mero carácter enunciativo e non limitativo, comprendendo outras que foran congruentes coas indicadas e, sen prexuízo do disposto no artigo seguinte.

6. Así mesmo a Xerencia asumirá as competencias, funcións ou actividades, cuxo exercizo ou xestión lle foran delegadas ou encomendadas polo Concello ou outras Administracións Públicas.

- Artigo Terceiro.-Atribucións e funcións reservadas ó Concello de Vigo.

Respecto ás materias indicadas no artigo precedente, o Concello, resérvanse as seguintes facultades:

- a) A aprobación inicial, provisional e definitiva, en caso de delegación por parte da Administración autonómica, do Plan Xeral de Ordenación Municipal e instrumentos de desenvolvemento, así como as súas modificacións e revisións.*
- b) Aprobar ou adoptar resolucións sobre os actos preparatorios da ordenación urbana, tales como: suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición para áreas ou usos determinados, a fin de estudar a súa formación*

e reforma: apertura de prazos para recoller suxestións ou observacións sobre a necesidade, conveniencia e demais circunstancias da ordenación ou alternativas de planeamento.

- c) Aprobación dos instrumentos de xestión urbanística e os de urbanización.*
- d) O outorgamento de todo tipo de licenza, sen prexuízo da posibilidade da súa delegación nos órganos integrados na Xerencia.*
- e) Aprobar o orzamento da Xerencia municipal de urbanismo e as contas de liquidación do mesmo.*
- f) Aprobación dos convenios de xestión e planeamento tramitados pola Xerencia municipal de urbanismo.*
- g) Delimitación de áreas onde as transmisións onerosas están suxeitas o dereito de tanteo ou retracto.*
- h) A aprobación da relación de postos de traballo, retribucións do persoal, oferta de emprego público de todo o persoal que preste servizos na Xerencia e as bases da convocatoria de selección e provisión de postos de traballo, número e réxime do persoal eventual, separación do servizo, réxime disciplinario e demais decisións en materia de persoal, do persoal que se encontre en adscripción na Xerencia.*

- Artigo Cuarto. Órganos de goberno e o Xerente.

1.- Os órganos de goberno da Xerencia son os seguintes:

- a) O Presidente.*
- b) O Vicepresidente.*
- c) O Delegado no seu caso.*
- d) O Consello da Xerencia.*

2.- O Xerente configúrase como órgano directivo de acordo co previsto no artigo décimo primeiro.

3.-O Secretario do Pleno e o Interventor exercerán na Xerencia municipal de urbanismo as funcións previstas legalmente para tales postos. Nembargantes, tales funcións poderán ser encomendadas a funcionarios que por delegación dos respectivos titulares da Secretaría e Intervención, prestarán os seus servizos directamente na Xerencia municipal de urbanismo. A persoa que exerza as funcións da Secretaría, asumirá as previstas para o Titular da Asesoría Xurídica na lexislación de contratos do Sector Público.

- Artigo Quinto O Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo.

1.- O Presidente da Xerencia será o Alcalde-Presidente do Concello, correspondéndolle o exercicio das seguintes facultades:

- a) Ostenta-la representación da Xerencia.*
- b) Convocar e presidir as sesións do Consello de Xerencia.*

- c) Conferir poderes para pleitos e exercitar accións administrativas e xurisdiccionais en caso de urxencia, dando conta ó Consello na primeira reunión que teña lugar, para a súa ratificación.
- d) Exerce-las funcións atribuídas ó Alcalde pola lexislación xeral en materia de expropiacións.
- e) Outorgar cantos documentos públicos sexan necesarios nas actuacións da Xerencia, coa asistencia do Secretario da Xerencia no seu caso.
- f) A aprobación das bases da convocatoria de selección e provisión de postos de traballo, número e réxime do persoal eventual, separación do servizo, réxime disciplinario e demais decisións en materia de persoal propio da Xerencia municipal de urbanismo.
- g) Declara-la situación de ruína inminente e, no seu caso, adopta-las medidas de seguridade necesarias.
- h) Adopta-las ordes de suspensión de obras, actividades e outras actuacións urbanísticas que se efectúen sen licenza ou sen axustarse ás condicións da concedida.
- i) Dictar ordes de execución de obras.
- j) Autorizar e dispoñer gastos correspondentes a contratos menores e demais gastos ata o límite permitido polas bases de execución do Orzamento da Xerencia, así como recoñecer a obriga de ordear tódolos pagamentos.
- k) O nomeamento de persoal propio da Xerencia así como a resolución dos procedementos de provisión de postos de traballo.
- l) A cancelación de fianzas correspondentes a funcións da Xerencia.
- m) Sinalamento de aliñacións e rasantes.
- n) Aproba-las liquidacións de taxas por prestación de servizos, prezos públicos e demais ingresos de natureza pública.
- o) Aproba-las anulacións de liquidacións e as devolucións de ingresos indebidos.
- p) Devolución de ingresos indebidos.
- q) A declaración de incumprimento do concreto deber urbanístico e consecuente inscrición no Rexistro de soares e edificacións a rehabilitar.
- r) O resto das atribucións da Xerencia non asignadas a outro órgano desta.

2.- O Presidente podrá delegar o exercizo das facultades indicadas no apartado 1º de este artigo no Vicepresidente, Delegado de urbanismo e vivenda e no Xerente, salvo as indicadas no apartado b.

- Artigo sexto.- O Vicepresidente.

1.- O Vicepresidente da Xerencia municipal de urbanismo, é nomeado polo Presidente entre os membros do Consello da Xerencia.

2.- Será facultade do Vicepresidente substituír ao Presidente na totalidade das súas funcións nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que llo imposibilite para o exercizo das súas funcións.

3.- As facultades previstas como Vicepresidente poderán ser acumuladas ás previstas no artigo seguinte para o Delegado de urbanismo e vivenda.

- Artigo sétimo.- O Delegado de urbanismo e vivenda.

1.- O Delegado de urbanismo e vivenda será o Concelleiro ou membro da Xunta de Goberno Local que ostente a delegación en materia de urbanismo e vivenda.

2.- Son facultades do Delegado de urbanismo e vivenda aquelas que lle delegue expresamente o Presidente da Xerencia, sen prexuízo doutras facultades que lle correspondan por delegación do Alcalde.

- Artigo octavo.- O Consello da Xerencia

1.- O Consello é un órgano de natureza colexiada integrado por membros da Corporación, con atribucións resolutorias e de estudo, informe, consulta e proposta dos asuntos que deban ser sometidos á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno Local.

2.- O Consello estará formado polo Presidente e polos membros que serán concelleiros, nomeados polo Pleno, a proposta dos grupos políticos municipais, en proporción á representación de cada ún deles na Corporación municipal. Así mesmo, ás sesións do Consello da Xerencia asistirá a persoa que exerza as funcións da Secretaría.

3.- Todos os vocais terán os seus respectivos suplentes, aos solos efectos da substitución dos titulares nas sesións do Consello.

4.- Ás sesións que celebre o Consello poderán asistir, con voz pero sen voto, aquelas persoas que, a xuízo do Presidente o considere oportuno e, en todo caso, o Delegado de urbanismo e vivenda e o Xerente municipal de urbanismo.

5.- As sesións do Consello non terán carácter público e poderán ser invitados os medios de comunicación previa petición dirixida ao Presidente.

5.- Os membros do Consello cesarán con ocasión da renovación da Corporación Municipal ou sexa alterada a designación polo Pleno.

- Artigo noveno.- O funcionamento do Consello da Xerencia.

1. O Consello da Xerencia celebrará sesión ordinaria a lo menos unha vez á semana. Así mesmo, poderá celebrarse sesións extraordinarias cando se considere necesario, a iniciativa do seu Presidente ou a solicitude da cuarta parte dos membros do Consello.

2. O funcionamento e a celebración das sesións do Consello da Xerencia, acomodará o seu funcionamento ó réxime previsto no seu Regulamento interno, que en todo caso deberá axustarse ó previsto para as Comisións Informativas no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e demais lexislación básica estatal, á Lei de Administración Local de Galicia e ó Regulamento Orgánico do Concello de Vigo.

- Artigo décimo.- Facultades do Consello da Xerencia.

1.- Correspóndelle ó Consello da Xerencia elevar ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local propostas de resolución das seguintes materias:

- a) Modificación dos presentes Estatutos.
- b) Aprobación da modificación ou revisión do Planeamento Xeral ou de desenvolvemento.

- c) *Suspensión facultativa de licenzas con ocasión do estudo, formación, modificación ou, no seu caso, revisión do planeamento.*
- d) *Aprobación de todo tipo de instrumento de xestión urbanística.*
- e) *Delimitación de áreas onde as transmisións onerosas de terreos están suxeitas ó exercizo do dereito de tanteo ou retracto.*
- f) *Proposta de aprobación do cadro de persoal, a relación de postos de traballo do organismo autónomo, a fixazón da coantía das retribucións complementarias fixas ou periódicas dos empregados públicos do organismo autónomo.*
- g) *A proposta de sancións disciplinarias moi graves e graves do persoal que se encontre en adscrición na Xerencia.*
- h) *A aprobación do proxecto de orzamento anual da Xerencia, o seguimento da execución orzamentaria, a proposta de aprobación da conta xeral de cada exercicio e a proposta de aprobación das modificacións orzamentarias de competencia plenaria.*
- I) *A proposta de expropiación, venda ou substitución forzosa dos inmobles incluídos no Rexistro de Soares e edificacións a rehabilitar.*
- j) *En xeral, elevar propostas de resolución ó Concello, sobre asuntos da competencia da Xerencia que, de acordo co disposto nas disposicións legais deben ser aprobadas por algún órgano do Concello.*

2.- *Corréspondelle, con carácter resolutivo, as seguintes atribucións:*

- a) *Aprobación do Regulamento interno da Xerencia municipal de urbanismo.*
- b) *A imposición de sancións disciplinarias por faltas graves, moi graves ó persoal propio da Xerencia, a proposta do Xerente.*
- c) *A imposición de sancións por infraccións urbanísticas cometidas e a demolición de obras ilegais.*
- d) *Adopción de actos de disposición dos bens que integren o Patrimonio municipal do solo e a utilización daqueles que o Concello adscriba para o cumprimento das súas finalidades, nos términos previstos na lexislación vixente en materia de urbanismo e patrimonio.*
- e) *A aprobación dos actos de disposición sobre o seu patrimonio para adquirir, gravar, liberar, allear ou transixir sobre os bens propios da Xerencia.*
- f) *Emisión de informes ou dictames en relación coas actuacións doutras Administracións en materias propias da Xerencia.*
- g) *Aprobación de convenios con entidades públicas e privadas para o mellor desenvolvemento dos seus servizos e o máis eficaz cumprimento das finalidades da Xerencia, sempre que non correspondan a algún órgano do Concello.*
- h) *Aprobación de expedientes de contratación e adxudicación provisional e definitiva de obras, subministros, servizos, concesión de obras públicas e administrativos especiais que se tramiten por calquera procedemento, salvo o disposto para os menores no artigo quinto dos presentes estatutos.*
- i) *A autorización e disposición de gastos correspondentes a expedientes de contratación da súa competencia.*
- j) *Todas aquelas facultades que a lexislación urbanística atribúa ao Concello de Vigo, salvo que por disposición legal ou estatutaria se reserve a outros órganos.*

3.- *O Consello ostentará as facultades de control da actuación do Presidente, Vicepresidente, Delegado de urbanismo e vivenda e do Xerente.*

Artigo décimo primeiro.- O Xerente municipal de urbanismo.

1.- O Xerente é o máximo órgano de dirección do organismo. Tendrá a consideración de órgano directivo da Administración Municipal e, de conformidade co disposto no artigo 127.1.i da Lei 7/1985, de 2 de abril, será nomeado e cesado pola Xunta de Goberno Local a proposta do Presidente da Xerencia municipal de urbanismo.

2.- O Xerente deberá ser funcionario de carreira ou laboral das Administracións Públicas ou un profesional do sector privado, titulado superior en ambos casos e con máis de cinco anos de exercizo profesional no segundo. Se o cargo de Xerente recaera nun funcionario municipal éste pasará á situación de servizos especiais.

3.- Son de aplicación no desempeño do posto de Xerente as incompatibilidades legais establecidas para o desempeño de cargos electivos nas Corporacións Locais.

4.- O Xerente vendrá obrigado a dedicar íntegra e plenamente a súa actividade ó desenvolvemento de funcións que se lle encomenden, e sobre él pesarán as obrigas xenéricas dos empregados públicos e as que se deriven dos presentes Estatutos.

Artigo décimo segundo.- Facultades do Xerente municipal de urbanismo.

1.- Son facultades da persoa que exerza as funcións de Xerente as seguintes:

- a) Exercicio efectivo das facultades de administración e xestión ordinaria da Xerencia, de conformidade co disposto nos presentes Estatutos.
- b) Establecemento de directrices para a mellor xestión dos recursos da Xerencia.
- c) Informar ó Consello da Xerencia, así como o seu Presidente, da súa actuación e dos asuntos que concerniesen á xestión da Xerencia.
- d) Difusión das actividades da Xerencia e impulso e colaboración entre os diferentes departamentos do organismo autónomo e do Concello.
- e) A xefatura superior de todos os servizos, dependencias e unidades, asumindo a dirección, impulso e a súa inspección.
- f) Exercer a dirección, xestión e goberno do persoal que presta servizos na Xerencia, baixo a dependencia superior do Presidente.
- e) Prestar, cando proceda, conformidade ás propostas que eleve cada Xefatura de Servicio, para a súa aprobación polo Consello de Xerencia.
- d) Elevar ó Consello de Xerencia o cadro de persoal e a relación de postos de traballo, de xeito que o Consello poida propoñer a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.
- g) Autorizar e dispoñer gastos correspondentes a contratos menores e demais gastos ata o límite permitido polas bases de execución do Orzamento da Xerencia, así como recoñecer a obriga de ordear tódolos pagamentos.
- h) Incoación de modificacións orzamentarias de competencia presidencial.
- g) Prepara-lo inventario de bens e dereitos da Xerencia e as súas actualizacións anuais, sendo responsable da custodia do mesmo.
- h) Elevar ó Consello proposta do Presuposto anual da Xerencia, para a súa aprobación polo Pleno do Concello.
- i) Formular e someter a aprobación do Consello os Plans de Actuación da Xerencia.

- j) Colaboración na redacción da relación de asuntos para forma-la orde do día das sesións do Consello da Xerencia.
- k) Aquelas que expresamente lle atribúan por delegación.

2.- En caso de ausencia, impedimento ou enfermidade do Xerente, serán exercidas polo Delegado de urbanismo e vivenda.

- Artigo décimo terceiro.- Do Secretaría, do Intervención e dos Servizos económicos.

As persoas titulares dos órganos da Secretaría Xeral do Pleno e da Intervención Xeral Municipal da Corporación exercerán na Xerencia Municipal de Urbanismo as funcións que lle están encomendadas na lexislación vixente e as que se atribúan na relación de postos de traballo compatibles coas anteriores, sen prexuízo dos Servizos de Asesoría e os Servizos Económicos que estableza a Xerencia e das delegacións que poidan realizar en funcionarios do Organismo Autónomo (proprios ou adscritos).

As funcións de xestión orzamentaria, contabilidade, xestión en sentido amplo dos tributos e ingresos propios e de xestión financeira serán exercidas por funcionarios propios ou adscritos á Xerencia Municipal de Urbanismo, sen prexuízo da inspección e coordinación da contabilidade que realice a Intervención Xeral (o el órgano que tenga atribuída a función de contabilidade) de acordo coa normativa reguladora das Facendas Locais.

- Artigo décimo cuarto.- Réxime, características e condicións do persoal.

A Xerencia Municipal de Urbanismo dispoñe dos seguintes efectivos:

- a) Persoal funcionario de carreira do Concello de Vigo en réxime de adscripción.
- b) Persoal funcionario de carreira propio do Organismo Autónomo.
- c) Con carácter excepcional, persoal laboral fixo ou temporal para o desenvolvemento de funcións e tarefas que non impliquen o exercizo de potestades reservadas aos funcionarios de carreira nin salvagarda dos intereses xerais municipais nos termos do previsto na lexislación vixente.

- Artigo décimo quinto.- Dereitos e obrigas do persoal.

Os dereitos e obrigas do persoal da Xerencia de Urbanismo serán os propios dos empregados públicos das Corporacións Locais e os que son derivados dos contratos específicos, do ordenamento xurídico vixente e do Acordo regulador das condicións de traballo do Concello de Vigo. A RPT da Xerencia deberá incluír como postos de traballo reservados a persoal funcionario todos aqueles nos que as súas funcións impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou a salvagarda dos intereses xerais do Concello de Vigo.

- Artigo décimo sexto.- Relación de postos de traballo e organización administrativa.

1. As funcións e tarefas a cada posto de traballo serán as definidas na relación de postos de traballo do Organismo conforme ó establecido na lexislación vixente.

2. *A Xerencia organizarase administrativamente segundo o disposto no seu regulamento de réxime interior.*
- Artigo decimo octavo.- Réxime económico e orzamentario.
1. *A Xerencia Municipal de Urbanismo disporá dos seguintes recursos:*
 - a) *Os ingresos procedentes do seu patrimonio e demais de dereito privado.*
 - b) *Os tributos propios constituídos por taxas e contribucións especiais.*
 - c) *Subvencións, auxilios e donativos concedidos para fins urbanísticos.*
 - d) *Os percibidos en concepto de prezos públicos*
 - e) *O produto das operacións de crédito.*
 - f) *O produto das multas e sancións no ámbito das súas competencias.*
 - g) *Asignacións que para os mesmos fins se consignen no Presuposto Xeral do Concello de Vigo.*
 - h) *Cotas de urbanización.*
 - i) *Participación en ingresos procedentes de convenios con outros organismos públicos ou privados, para a realización de obras e servizos urbáns da súa competencia.*
 - j) *Productos dos alleamentos de terreos ou parcelas integradas no Patrimonio Municipal do Solo.*
 - k) *Calquera outro recurso que proceda legal ou regulamentariamente.*
 2. *A Xerencia redactará anualmente un proxecto de orzamento que deberá ser sometido ao Concello de Vigo para a súa aprobación de acordo co establecido na lexislación vixente. Así mesmo, a Xerencia deberá someter anualmente ao Concello a rendición de contas e liquidación do seu Orzamento.*
- Artigo décimo noveno.- Obxecto, natureza e réxime xurídico patrimonial.
1. *O Patrimonio da Xerencia municipal de urbanismo, estará constituído polo conxunto de bens e dereitos da súa pertencencia. Os mesmos poderán ser adscritos ou propios do organismo autónomo.*
 2. *O réxime xurídico dos mesmos será o que lle corresponda a súa calificación xurídica segundo estén clasificados de dominio público ou patrimoniais, tendo en conta a especializadade dos bens integrantes no Patrimonio municipal do solo.*
 3. *A Xerencia formará e manterá actualizado o seu inventario de bens e dereitos, tanto propios como adscritos, con excepción dos de carácter funxible. O inventario revisarase anualmente e someterase a aprobación do Pleno do Concello.*
- Artigo vixésimo.- Bens e dereitos integrantes no Patrimonio municipal do solo.
1. *A Xerencia municipal de urbanismo, ostenta a titularidade fiduciaria respecto dos bens integrantes do Patrimonio municipal do solo, ó que se refire o artigo 176 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. Ten pleno poder dispositivo puidendo exercer sobre eles, as facultades e potestades propias do dominio.*
 2. *O Concello de Vigo seguirá ostentando a titularidade dominical.*

3. *A Xerencia realizará e manterá actualizado permanentemente un inventario dos elementos integrantes do seu patrimonio, no que se fará constar a súa natureza, situación xurídica, valoración actualizada anualmente e o destino. O seu inventario será remitido anualmente ó Concello para a súa integración no Inventario de Bens do Concello.*
4. *A Xerencia remitirá anualmente á Xunta de Goberno Local un informe sobre os actos de disposición e administración dos bens integrantes no Patrimonio municipal do Solo.*

- Artigo viséximo primeiro.- *Dos bens adscritos*

O Concello, poderá adscribir á Xerencia municipal de urbanismo, para o cumprimento das súas finalidades e exercizo de competencias, bens patrimoniais o, no seu caso, de dominio de uso ou servizo público. Estes bens, polo feito da súa adscripción, non verán alterada a súa natureza ou calificación xurídica, estando sometidos ó réxime xurídico que lles resultase de aplicación.

- Artigo viséximo segundo.- *Eficacia e executoriedade dos seus actos.*

1. *Os actos de natureza resolutivo dictados polos órganos da Xerencia, se presumen válidos e producen efectos dende o día no que se dicten, salvo cando neles se disponga outra cousa ou estén suxeitos a notificación, publicación ou aprobación superior.*
2. *A Xerencia poderá executar forzosamente os actos dictados polos seus órganos, cos límites e coa utilización de calquera dos medios ou procedementos previstos no Capítulo V, do Título VI da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.*

- Artigo viséximo terceiro.- *Actos que poñen fin á vía administrativa e recursos sobre os mesmos.*

1. *Os actos e acordos de carácter resolutivo do Consello da Xerencia, do Presidente, do Vicepresidente, o Delegado de urbanismo e vivenda e do Xerente, poñen fin á vía administrativa.*
2. *Contra os mesmos, poderá interponerse recurso contencioso-administrativo, previo, no seu caso, o potestativo de reposición previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.*

- Artigo viséximo cuarto.- *Accións civís e penais*

Non se poderán exercitar accións civís ou laborais contra a Xerencia sen a previa interposición de reclamación previa ante a mesma, nos termos contidos na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

- Artigo viséximo quinto.- *Responsabilidade patrimonial da Xerencia*

1. *Toda persoa, física ou xurídica, pública ou privada, terá dereito a ser indemnizada pola Xerencia de toda lesión que sofra en calquera dos seus bens e dereitos, nos supostos, co alcance e términos previstos no Título X da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.*

2. O procedemento de responsabilidade patrimonial seguirá os trámites previstos no artigo 142 da Lei 30/1992, de 26 de novembro e no Real decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de esixencia da responsabilidade patrimonial ás Administracións Públicas.
3. Será competente para a resolución dos procedementos de responsabilidade patrimonial o Presidente.

Artigo 2º.- Eliminación ou derogación da disposición adicional segunda, disposición transitoria e derradeira dos Estatutos da Xerencia municipal de urbanismo aprobado polo Pleno do Concello en data 29.07.96 e a súa modificación operada polo acordo de 20.10.00.

Disposición adicional primeira.-Modificación dos Estatutos.

A modificación ou derogación dos presentes Estatutos sólo podrá ser acordado polo Concello en Pleno, axustándose ós mesmos trámites esixidos para a súa aprobación, así como, en xeral, ás normas e disposicións que lle sexan de aplicación.

Disposición adicional segunda.-Disolución da Xerencia municipal de urbanismo.

1. A Xerencia municipal de urbanismo poderá ser disolta cando se considere convinte polo Concello en Pleno, mediante acordó razonado e con base as facultades de aprobar as formas de xestión dos seus servizos que lle confire o artigo 123.1.k da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 297 da Lei 5/1997, de 20 de xullo, de Administración Local de Galicia. O acordó de disolución poderá ser adoptado de oficio ou a proposta da propia Xerencia.
2. No suposto de extinción do Organismo Autónomo, establécese a sucesión universal do Concello de Vigo en canto ao persoal funcionario, sen distinción algunha. En canto ao persoal laboral, estarase ao disposto na normativa laboral que resulte de aplicación.
3. Unha vez extinguida a personalidade xurídica da Xerencia de urbanismo, revertirán ó Concello os bens, dereitos e acción, dotacións que éste constituíu cos incrementos experimentados por beneficios derivados do servizo ou de aportacións de terceiros non destinados a unha finalidade específica.

Disposición adicional terceira.- Control de eficacia e da calidade da prestación do servizo.

No prazo dun ano a Xerencia municipal de urbanismo, establecerá mecanismos de control do grado de eficacia e calidade da prestación do servizo encomendado polos presentes Estatutos. Procurarase a implementación de procesos de racionalización e simplificación dos procedementos administrativos ó abeiro do establecido na Directiva 2006/126/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 12.12.06.

Disposición final única.- Publicación e entrada en vigor.

De conformidade co previsto nos artigos 65.1, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e no artigo 217 da Lei 5/1997, de 20 de xullo, de Administración Local de Galicia, a publicación e entrada en vigor dos Estatutos se procederá da seguinte forma:

- a) *O acordo de aprobación definitiva da modificación dos presentes Estatutos se comunicará á Administración do Estado e á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.*
- b) *Transcorrido o prazo de quince días dende a recepción da comunicación, o Acordo de modificación e os estatutos refundidos serán publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.*
- c) *Os estatutos entrarán en vigor ó día seguinte de su publicación no citado Boletín.*

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove e catorce minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.